



CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO AO GRAO SUPERIOR
ESPECIALIDADE DE DIRECCIÓN
Curso 2025 – 2026

- **Parte A: interpretación dun programa de ata vinte minutos, no instrumento principal ou voz (no caso do canto) integrado por obras dunha dificultade adecuada ao nivel de acceso a estes estudos. (15%)**
 - Calidade na interpretación
 - Fraseo, tempos, matices, articulacións
 - Adecuación da interpretación ao estilo da obra
 - Dificultade das obras presentadas
- **Parte B: análise dunha obra orquestral ou coral por proposta do tribunal. (15%)**
 - Formal: Recoñecemento da forma e función estrutural dos elementos que a integran
 - Harmónico: Elementos de maior significación que interveñen para a confirmación da tonalidade, procesos modulatorios e cadenciais
 - Rítmico: motivos rítmicos significativos, elementos de tensión e relaxación que orixinen valor direccional
 - Melódico: fraseo e indicación de continuidade, unión e diálogo en liñas melódicas.
- **Parte C: lectura á vista no piano dun fragmento musical escollido polo/a aspirante de entre dous propostos polo tribunal. (15%)**
 - Desenvolvemento na lectura á vista no piano, respectando o tempo, matiz e ritmo.
- **Parte D: realización dun ditado a catro voces, de entre oito e doce compases de duración. (15%)**
 - Recoñecemento auditivo de distintas voces simultáneas e contrapuntísticas,
 - Transcrición da intervállica melódica e rítmica así como da tonalidade e modalidade